

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 499/2014**

En diversos departamentos do Concello de Ponte Caldelas, en concreto en Servizos Sociais, na Casa da Cultura e na Gardería-Ludoteca existen tres fotocopiadoras que, dado o seu grao de obsolescencia, é necesario a adquisición dunhas novas e o seu mantemento.

En data 02.06.14 realizouse unha providencia de inicio para a contratación de catro fotocopiadoras e, dado que para a Oficina Técnica pódese suplantar a fotocopiadora existente por unha impresora multifunción A4, que realice as funcións de impresora, escáner e fotocopiadora, e esta sería suficiente, en data 29.07.14 realizouse unha nova providencia para que a contratación se realice para tres fotocopiadoras e o seu mantemento: unha para o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ponte Caldelas, outra para a Casa da Cultura e outra para a Gardería-Ludoteca.

A modalidade pola que pretende adxudicar é o de procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do contrato de subministro de tres fotocopiadoras en réxime de renting do Concello de Ponte Caldelas.

Á vista de que se redactou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, á vista de que o día 23.10.13 foi emitido pola Intervención un certificado de existencia de crédito, á vista do Informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 23 de outubro de 2014, se procedeu a aprobar o expediente de contratación e a apertura da licitación mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince (15) días hábiles os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

A vista de que no Prego de cláusulas Administrativas se produxo un erro na formula para calcular o a oferta mais ventaxosa no apartado 3.Coste copia/impresión sen IVE (puntuación máxima 2 puntos).

A vista de que o artigo 105 2. da Lei 30/92 establece o que segue; " *As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*" e á vista das miñas competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Que onde dicía ; "Custo copia ou impresión ofertado  
Menor Custo copia ou impresión ofertado",  
debe decir "Menor Custo copia ou impresión ofertado x1  
Custo copia ou impresión ofertado

**SEGUNDO:** Que se Publique esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Anuncios deste Concello abrindo un novo prazo de quince (15) días hábiles a contar dende a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que os interesados poidan presentar as súas proposicións.

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

Ponte Caldelas, 1 de decembro de 2014



O Secretario,

Asdo: Jacobo Barreiro Pimentel